

# ACTA NÚM. 5 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA LIBRE E MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE ARQUITECTO/A (A1), INCLUÍDA NA OEP 2024

## Asisten:

Presidenta: Ana Isabel Fuentes García  
Vogais: Rafael del Barrio Barbel; Ignacio Diz Gómez; e Sara Piñón Esteban  
Secretaría: Lara Otero Díaz

En Bueu, mediante sesión a distancia, sendo as 14.36 horas do día 16 de febreiro do 2026, reúnese o tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura mediante persoal funcionario de carreira dunha vacante de arquitecto/a (A1), segundo as bases aprobadas pola XGL o 18.02.2025 (CSV CXGD2Y9WYPFHPZ2754A5XMP34) e nomeado mediante a R.A 2026-0036 do 08.01.2026 (CSV 44MXLGGGLZX45WKAC5HJ4QXK9G), coa asistencia das persoas anteriormente relacionadas.

O pasado 10.02.2026 foi realizado o segundo exercicio da oposición, de carácter obrigatorio e eliminatorio, quedando eliminadas as persoas non presentadas e permitindo ás presentadas realizar alegacións durante un prazo de 2 días hábiles respecto das 65 preguntas realizadas e das súas respostas correctas; posto que o 11.02.2026 o tribunal publicou a súa acta na que constaba unha copia do exame realizado e as respostas que se consideraban acertadas en cada caso.

Respecto diso, consonte ao informe da persoa encargada do rexistro do 16.02.2026 co CSV 5TPG7E6PZ4K9K45LRQYESC5CK **constan presentadas as seguintes alegacións** cuxo contido se comproba e resume como segue e respecto das que se acorda o seguinte:

Data e número de rexistro	Persoa aspirante e contido da alegación
2026-E-RE-594 do 12.02.2026	Rivas Rico Antonio Ivan; impugna a pregunta 2 solicitando a súa anulación porque ao abeiro do art. 163.1a) da LSG en ningún caso se contempla a posibilidade de que sexa o titular da consellaría competente en materia de urbanismo quen ostente a competencia para a imposición de sancións que é a resposta b) considerada correcta polo tribunal.
2026-E-RE-614 do 13.02.2026	Mouriño Perez Rosa; impugna as seguintes preguntas:  -A pregunta 2, solicitando a anulación ao abeiro dos art. 4.5, 8, 10 155, 156, 158, 161 e 163 da LSG en cuxa virtude a pregunta se atoparía formulada de maneira incompleta para respondela correctamente. A aspirante sinala que a competencia para a imposición de sancións no caso de infraccións moi graves establececese en prol de diferentes órganos directivos da APLU, atendendo á contía, pero en realidade o artigo 163 da LSG non esgota as posibilidades, xa que, por exemplo, no caso dunha demolición dun elemento catalogado en solo urbano, se non se prevé unha sanción de mais de 300.000 deberase entender que a competencia sería do concello. En consecuencia, para determinar o órgano competente era necesario que na pregunta se indicara o importe.  -A pregunta 15, solicitando que a resposta indicada como correcta sexa a a) en vez de a b) de acordo co artigo 13 da Lei 38/2015 do sector ferroviario.  -A pregunta 24, solicitando que a resposta indicada como correcta sexa a d) en vez de a b) de acordo co artigo 2 do CTE vixente trala modificación polo RD 450/2022, tendo en conta que como no exame o tribunal non plantexa respostas que se cingan á literalidade descritiva do CTE, aplicando o principio de interpretación integrada das normas, con carácter xeral, as tres primeiras alternativas serían correctas só á falta das salvedades e condicións expostas na continuidade do teor literal dos aptdos 2, 3 e 4 do art. 2 do CTE.  - A pregunta 33, solicitando a súa anulación, ao abeiro do art. 4 do RD 105/2008 nos apartados 1.a.1º, 1. b e 2, tendo en conta que como o tribunal non se cinguu á literalidade da norma e a resposta ás preguntas esixen estudar a lei e ademais comprendela para interpretala, tanto a resposta a) como a b) serían correctas porque o estudo de xestión de residuos debe conter un desagregado das cantidades de residuos perigosos e non perigosos, mesmo en nova edificación.  -A pregunta 59, solicitando que a resposta considerada correcta sexa a d), consonte ao art. 146 da LSG que non permite con carácter xeral a división e segregación de fincas en solo rústico, establecendo a salvidade de infraestruturas e dotacións, parcelas vinculadas a instalacións/explotacións de utilidade pública e beneficiarias de expropiación e, asemade, no caso de reorganización de propiedade sen aumento do número de parcelas.
2026-E-RE-615 do 13.02.2026	Rivas Caride Pablo; solicita que o terceiro e o cuarto exame non se realicen entre o 9 e o 20 de marzo cando ten prevista unha viaxe.



A literalidade das preguntas impugnadas e a resposta considerada correcta polo tribunal eran as seguintes:

**PREGUNTA 2:**

¿A quién corresponde la competencia para la resolución de expedientes sancionadores por infracciones urbanísticas muy graves?

- Al Alcalde o Alcaldesa del ayuntamiento correspondiente.
- A la persona titular de la consejería competente en materia de urbanismo.**
- Al Consello de la Xunta de Galicia.
- A la Dirección de la Agencia de Protección de la Legalidad Urbanística (APLU).

**PREGUNTA 15:**

¿Cuál es la zona de dominio público ferroviario?

- Los terrenos ocupados por las líneas ferroviarias que formen parte de la Red Ferroviaria de Interés General y una franja de terreno de ocho metros a cada lado de la plataforma, medida en horizontal y perpendicularmente al eje de la misma, desde la arista exterior de la explanación.
- Los terrenos ocupados por las líneas ferroviarias que formen parte de la Red Ferroviaria de Interés General y una franja de terreno de seis metros a cada lado de la plataforma, medida en horizontal y perpendicularmente al eje de la misma, desde la arista exterior de la explanación.**
- Los terrenos ocupados por las líneas ferroviarias que formen parte de la Red Ferroviaria de Interés General y una franja de terreno de diez metros a cada lado de la plataforma, medida en horizontal y perpendicularmente al eje de la misma, desde la arista exterior de la explanación.
- Los terrenos ocupados por las líneas ferroviarias que formen parte de la Red Ferroviaria de Interés General y la franja de terreno necesaria a cada lado de la plataforma, medida en horizontal y perpendicularmente al eje de la misma, desde la arista exterior de la explanación.

**PREGUNTA 24:**

De conformidad con el artículo 2 del Real Decreto 314/2006, por el que se aprueba el Código Técnico de la Edificación (CTE):

- El CTE se aplicará a las obras de edificación de nueva construcción, excepto todas aquellas construcciones de sencillez técnica y de escasa entidad constructiva.
- En las intervenciones en edificios existentes el proyectista deberá indicar en la documentación del proyecto si la intervención incluye o no actuaciones en la estructura preexistente.**
- En las intervenciones en los edificios existentes en ningún caso se podrán reducir las condiciones preexistentes relacionadas con las exigencias básicas.
- Todas las respuestas son correctas.

**PREGUNTA 33:**

Según lo recogido en el artículo 4 del Real decreto 105/2008, de 1 de febrero, por el que se regula la producción y gestión de los residuos de construcción y demolición, el productor de residuos de construcción y demolición estará obligado a incluir en el proyecto de ejecución de la obra un estudio de gestión de residuos de construcción y demolición, que contendrá como mínimo, entre otros:

- Una estimación de la cantidad, expresada en toneladas y en metros cúbicos, de los residuos de construcción y demolición que se generarán en la obra.**
- Un desglose de las cantidades de residuos peligrosos y residuos no peligrosos.
- Un análisis de las tierras desalojadas.
- Los medios de financiación.

**PREGUNTA 59:**

¿Qué establece el artículo 149 sobre la división de fincas en suelo rústico?

- Se permite la división sin restricciones.
- No se permite la división, salvo en casos de infraestructuras, dotaciones o reorganización de la propiedad.**
- Solo se permite la división para usos agropecuarios.
- No se permite la división con carácter general.

Respecto das ditas alegacións o tribunal acorda o seguinte:

- Verbo da pregunta 2, estímase as alegacións por entender que ao non prefixar máis condicionamentos no enunciado da pregunta, existen varias alternativas correctas. En consecuencia, **anúlase a pregunta 2 e aplicarase na súa substitución a primeira pregunta de reserva, a número 61.**
- Verbo da pregunta 15, estímase a alegación porque a resposta correcta é a a) en vez de a b).
- Verbo da pregunta 24, desestímase a alegación. A resposta a) é falsa porque non se incorpora a salvidade de que teñan carácter residencial ou público; xa que logo a resposta d) non é válida. A resposta c) tampouco é correcta porque existen excepcións que implican que non sexa certo que “en ningún caso” se poderían reducir as condicións preexistentes.



- **Verbo da pregunta 33, desestímase a alegación.** O art. 4 do RD 105/2008 nos apartados 1.a.1º, 1.b e 2 non fan as precisións ás que a recorrente fai referencia e implican que tanto a resposta a) como a b) serían correctas. O precepto polo que se pregunta é suficientemente claro para determinar que a resposta correcta é a a).
- **Verbo da pregunta 59, desestímase a alegación.** O art. 149 da LSG é literosuficiente para elixir a resposta correcta que non é outra que a b), por ser a máis precisa de todas as alternativas.
- **Verbo do sinalamento das datas dos vindeiros exames** para evitar a coincidencia cunha viaxe da persoa alegante entre o 9 e o 20 de marzo, **desestímase a alegación.** O tribunal sinalará as datas que considere oportunas dentro da marxe estipulada polas bases, sen atender a circunstancias persoais de algún/s aspirante/s.

En consecuencia, a táboa de respostas aplicable na corrección é a que segue:

1 B	17 A	33 A	49 B
2 ANULADA	18 B	34 A	50 B
3 C	19 B	35 C	51 B
4 C	20 B	36 C	52 B
5 D	21 B	37 A	53 B
6 D	22 B	38 B	54 B
7 B	23 C	39 A	55 B
8 B	24 B	40 B	56 B
9 C	25 A	41 C	57 B
10 A	26 B	42 B	58 B
11 A	27 A	43 B	59 B
12 B	28 B	44 C	60 A
13 C	29 A	45 B	RESERVA APLICABLE
14 B	30 C	46 B	
15 A	31 A	47 B	61 B
16 B	32 B	48 A	

Con todo, os membros do tribunal repártense os exames a corrixir e acordan que nunha sesión que se celebrará mañá, día 17.02.2026 ás 11.00 horas, se unirán as puntuacións obtidas, se fixará a nota de corte e, posteriormente, se abrirá o sobre cos cadros identificativos para determinar a nota de cada persoa aspirante e se é apto/a ou non apto/a; outorgando un prazo de 5 días hábiles para alegacións.

**A vista do que antecede, o tribunal acorda:**

1. Publicar esta acta no taboleiro de edictos e na web municipais.
2. Convocar ao tribunal o vindeiro 17.02.2026 ás 11.00 horas para unir as correccións dos exames, fixar a nota de corte e outorgar un prazo de alegacións ás persoas aspirantes.

Sen máis asuntos que tratar, levántase o acto ás 15.03 horas, ordenándose a redacción desta acta á secretaria que é asinada dixitalmente a través da plataforma de xestión de expedientes do concello de Bueu.

